




AGADIC

**VENRES 23 DE OUTUBRO ÁS 20:00 H**

ADELA TURÍN

NELLA BOSNIA

## Rosa caramelo



Talía teatro representará **“Rosa Caramelo e outras historias”**

**CASA DA CULTURA “RAMÓN MARTÍNEZ LÓPEZ”**

Destinado a público infantil e familiar (preferentemente nenos-as de 4 a 8 anos)

**ORGANIZA: CONCELLERÍA DE CULTURA DO CONCELLO DE BOIRO E AGADIC**

Talía Teatro representará o venres, día 23 de outubro, representará a súa nova proposta para público infantil, ‘Rosa caramelo e outras historias’ na Casa da cultura “Ramón Martínez, López” construída a partir de catro relatos da italiana Adela Turín que lles dan a volta aos roles de xénero.

A compañía galega contou con Paula Carballeira -autora teatral, poeta, narradora oral, actriz e integrante da compañía Berrobambán- para dirixir esta montaxe, que poñen en escena o actor Artur Trillo e o acordeonista Fernando Fraga.

## REFERENTE DA EDUCACIÓN NA IGUALDADE

A montaxe pensada para nenos-as de entre 4 e 8 anos de idade, combina a palabra e a música en directo para achegarlle ao público os relatos de Adela Turín, que comezou a publicar a súa colección de historias fabuladas fai máis de 30 anos no seu país natal, converténdose axiña nunha serie de referencia internacional para a educación na igualdade.

Agora Talía teatro leva a escena “Rosa caramelo”, “A historia dos bonobos con lentes”, “Unha feliz catástrofe” e “Artur e Clementina”, relatos publicados en galego, catalán e castelán por Kalandraka dentro da colección dedicada á autora italiana. A través deles e segundo a compañía, **“o espectáculo contribúe a desmontar unha serie de ideas impostas e simplificadas, pero fortemente asumidas, sobre certas actitudes e aptitudes de mulleres e homes”**